

Boletín do iLTIUS



Actividades científicas

31/01/2026

O 18º Congreso da European Society for the Study of English (ESSE), organizado polo Departamento de Filoloxía Inglesa e Alemá da Universidade de Santiago de Compostela, terá lugar do 31 de agosto ao 4 de setembro de 2026.

O congreso constitúe un foro internacional de referencia no ámbito dos estudos ingleses, que abrangue investigación en lingua, literatura e cultura, e inclúe conferencias plenarias, comunicacións paralelas, mesas redondas, seminarios, sesións de pósteres, ademais dun Simposio Doutoral.

O prazo de envío de propostas (comunicacións en seminarios, pósteres e candidaturas ao Simposio Doutoral remata o vindeiro **31 de xaneiro de 2026**, polo que se anima ás persoas interesadas a presentar as súas contribucións antes desa data. A información detallada sobre as modalidades de participación e os procedementos de envío pode consultarse na páxina web do congreso:

https://www.esse2026.com/en/calls_participation.php



Enderezo de contacto:

esse2026@usc.es

Información:

<https://www.esse2026.com/en/index.php>

3/2/2026

O martes, 3 de febreiro, terá lugar en liña, a través de Microsoft Teams, o *51st ELC Research Seminar*, organizado pola rede de investigación “[English Linguistics Circle](#)” (ELC), da que forman parte os grupos de investigación VLCG (GI-1383) e SPERTUS (GI-1762).

Nesta sesión intervirá o Dr. Jakob Horsch (Ľudovít Štúr Institute of Linguistics, Slovak Academy of Sciences), quen presentará o relatorio titulado “*Fixed in English, not (that) free in Slovak: A contrastive corpus-based study on word order*”, no que analizará, desde unha perspectiva contrastiva e baseada en corpus, os patróns de orde de palabras en inglés e eslovaco.

O seminario está coordinado polo Prof. Ignacio Palacios Martínez e vai dirixido a persoal docente e investigador, a estudantes de máster e doutoramento, así como a calquera persoa interesada na lingüística.

A participación é de balde, mais require inscrición previa a través do seguinte formulario:

<https://forms.office.com/e/vfCbvX9feX>



Enderezo de contacto:

ignacio.palacios@usc.es

Máis información:

https://elc.org.es/?page_id=20

Novas do iLTIUS

Constitución do Consello Científico do iLTIUS

O xoves 27 de novembro de 2025 celebrouse a reunión de constitución oficial do Consello Científico do iLTIUS. Tras o informe inicial da presidenta do Consello e directora comisaria do Instituto, no cal explicou as accións desenvolvidas desde a creación do mesmo en marzo deste ano, procedeuse á aprobación da composición do órgano de goberno. Como resultado do proceso de eleccións realizado previamente e comunicado ao Comité Asesor Externo (CAE), os membros designados nos distintos sectores de PDI son os seguintes:

1. Representantes del PDI permanente

María José Alonso Veloso (presidenta)

Tamara Bouso Rivas (secretaria)

Irene Doval Reija

Elvira Fidalgo Francisco

Virgilio García Trabazo

Carmen Mellado Blanco

Isabel Morán Cabanas

Ignacio Palacios Martínez

2. Representante do PDI non permanente

Lúa García Sánchez (investigadora posdoutoral)

3. Representante del persoal en formación

Marcos Dieste Trillo (investigador predoutoral)

Unha parte dos membros do Consello (os profesores Alonso Veloso, Doval, García Trabazo, Mellado e Palacios) actuaron xa como garantes no proceso de creación do Instituto. O Consello é un órgano fundamental para o despregamento da axenda científica do iLTIUS.

Tras a aprobación da composición do Consello e a quenda de rogos e preguntas, na que interviñeron varios membros, os participantes na reunión visitaron as instalacións que o iLTIUS ten na súa sede, situada no Centro de Estudos Avanzados, no parque de Vista Alegre.



Contacto

Enderezo electrónico: iltius.xestion@usc.gal

Páxina web: [Instituto de Investigacións Lingüísticas e Literarias da USC \(iLTIUS\)](http://Instituto de Investigacións Lingüísticas e Literarias da USC (iLTIUS))

Formulario de solicitude de difusión, dispoñible [aquí](#).